

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FORCAREI
CELEBRADA O DÍA 21 DE ABRIL DE 2016.**

ASISTENTES	
	GRUPO POLÍTICO
ALCALDESA:	
D ^a Belén Cachafeiro Anta.	PP
CONCELLEIROS:	
D. Ricardo Villaverde Iglesias.	PP
D. Vicente Búa Martínez.	PP
D ^a María Jesús Sineiro Vidal.	PP
D. Alejo Vidal Moreno.	PP
D. José Francisco Bouzas Vázquez	PP
D ^a . Ana Isabel Doval Fraiz.	PS de G -PSOE
D. Miguel Pereira Fernández	PS de G -PSOE
D. José Manuel Alvarez Sanmartín	PS de G -PSOE
D ^a María Abilleira Pomar.	F.F
D. Roberto Jorge Correa.	BNG
Falta previa excusa:	
SECRETARIA:	
D ^a . M ^a Elena Sueiro Fernandez	

En Forcarei a 21 de abril de 2016, xoves, sendo as doce horas quince minutos no Salón de Plenos da Casa Consistorial, previa convocatoria para o efecto, reúnense, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Forcarei.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, pola Sra. Presidenta declárase validamente constituída a sesión.

Pásase a continuación a trata-los seguintes asuntos incluídos na orde do día:

**1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA
18/02/2016**


A Sra. Alcaldesa da conta do borrador da acta correspondentes á data sinalada na orde do día, preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións ás mesmas.

Dna. María Abilleira Pomar, concelleira de F.F, sinala que no punto 2 , referido á dación en conta de resolucións e decretos da Alcaldía non consta a pregunta formulada pola concelleira relativa a cal é o estado do expediente de contratación do servizo de mantemento do alumeadado público e ós subministradores eléctricos e demais contratos con reparo, ós que Alcaldía resposta que en canto ó mantemento se estaba a traballar nos pregos e en canto ó subministro eléctrico o tema é máis complexo e vai tardar máis a licitación.

Sometida a votación, é aprobada, por unanimidade de membros presentes, e ca salvidade indicada, a seguinte acta: acta da sesión do pleno da corporación de data 18 de febreiro de 2016.

2.- DACION DE CONTA RESOLUCIÓN E DECRETOS DE ALCALDÍA.

Pola Presidencia enténdese dada conta destas resolucións que, xunto coa súa relación, estiveron a



disposición dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, correspondentes ós meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2016, quedando enterada a Corporación Municipal.

Dna. María Abilleira Pomar, concelleira de F.F, pide a palabra para preguntar por unha resolución da Alcaldía de data 28 de xaneiro de 2016 aprobando facturas, na que aparece unha factura duplicada. Pola Alcaldía dise que se revisará por si se trata dun erro.

3.- DACION DE CONTA DAS ACTAS DA XGL.

Dáse conta das actas da Xunta de Goberno Local seguintes, quedando enterada a Corporación Municipal:

Nº ACTA	DATA
4/16	27/01/16
5/16	11/02/16
6/16	18/02/16
7/16	10/03/16

4.- DACION DE CONTA DO ENVÍO DE INFORMES AO MINHAP

Pola Secretaria Interventora da Corporación dáse conta do envío en tempo e forma dos seguintes ficheiros ó MINHAP:

- Informe de seguimento do PEF , enviado o 30 de marzo de 2016.
- ISPA 2016, correspondente ós datos do 2015, enviado o 14 de abril de 2016.
- Plan Presupostario a Medio Prazo 2017-2019, remitido o 10 de marzo de 2016. O Plan Presupostario a Medio Prazo 2016-2018 foi requirido polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con data 29 de marzo de 2016, e remitido en data 4 de abril de 2016.


5.-DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2015.

Pola Alcaldía dáse conta do Decreto de data 29 de febreiro de 2016 de liquidación do Orzamento municipal 2015, que foi remitido ós membros da corporación xunto con toda a documentación de que consta o expediente, y que literalmente di:

“DECRETO DE ALCALDÍA.

De conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía pola lexislación vixente artigo 21 lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, en aplicación dos artigos 191.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo e artigo 90 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril de desenvolvemento da lei reguladora das facendas locais e demais normativa .

Visto o expediente de liquidación do Orzamento municipal do ano 2014 en cumprimento do disposto no artigo 191 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo



RESOLVO:**PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do Orzamento municipal do ano 2015****ORZAMENTO CORRENTE****INGRESOS:**

CAPITULO	ORZAM. INICIAL	MODIF.	ORZAM. DEFINIT.	DEREITOS RECON. NETOS	RECAD. LIQ. NETA	DERECHOS ANULADOS	PDTE. DE COBRO
I	698.000,00	0,00	698.000,00	726.374,67	695.387,48	4.968,13	30.987,19
II	25.000,00	0,00	25.000,00	14.738,94	14.738,94	0,00	0,00
III	235.775,83	2.940,00	238.715,83	248.811,98	241.673,20	226,53	7.138,78
IV	1.028.740,63	214.190,17	1.242.930,80	1.324.975,02	1.158.732,42	115,73	166.242,60
V	22.864,04	0,00	22.864,04	20.723,31	1.859,31	0,00	18.864,00
VI							
VII	190.619,50	437.175,74	627.795,24	598.038,79	336.965,41	0,00	261.073,38
VIII	0,00	172.839,08	172.839,08	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	2.201.000,00	827.144,99	3.028.144,99	2.933.662,71	2.449.356,76	5.310,39	484.305,95

GASTOS:


CAPITULO	ORZAM. INICIAL	MODIF.	ORZAM. DEFINIT.	OBRIGAS RECON. NETOS	PAGOS	PENDENTES PAGO	REMANENTES CRÉDITO
I	731.844,97	149.039,55	880.884,52	826.152,43	798.830,90	27.321,53	54.732,09
II	1.114.085,92	78.229,70	1.192.315,62	1.106.455,44	1.053.655,32	52.800,12	85.860,18
III	9.200,00	0,00	9.200,00	15,00	15,00	0,00	9.185,00
IV	57.432,00	0,00	57.432,00	28.142,71	12.126,68	16.016,03	29.289,29
VI	288.437,11	599.875,74	888.312,85	841.251,51	817.379,49	23.872,02	47.061,34
VII							
IX							
TOTAL	2.201.000,00	827.144,99	3.028.144,99	2.802.017,09	2.682.007,39	120.009,70	226.127,90

Dos remanentes de crédito resultan incorporables: 0,00**ORZAMENTOS PECHADOS****INGRESOS:**

	DEREITOS PDTE. COBRO (1/1/2015)	RECAUDACIÓN	DEREITOS PDTE. COBRO (31/12/2015)
TOTAIS	530.031,29	438.725,88	91.305,41

GASTOS:

	OBRIGAS PENDENTES (1/1/2015)	PAGOS REALIZADOS	OBRIGAS PENDENTES (31/12/2015)
TOTAIS	101.906,72	101.407,29	499,43

RESULTADO ORZAMENTARIO

1. Dereitos recoñecidos netos 2.933.662,71
2. Obrigas recoñecidas netas 2.802.017,09
3. Resultado presupostario (1-2) 131.645,62
4. Desviacións Positivas de financiamento. 0,00
5. Desviacións negativas de financiamento. 0,00
6. Gastos financiados con remanente de tesourería 160.157,90
- 7. Resultado orzamentario axustado (3-4+5+6=7) 291.803,52**

REMANENTE DE TESOURERIA

1. + Fondos líquidos.	384.652,73
2. + Dereitos pendentes de cobro	575.611,36
+ do orzamento corrente	484.305,95
+ de orzamentos pechados	91.305,41
+ de operacións non orzamentarias	0,00
-cobros realizados pendentes de aplicación definitiva.	0,00
3. - Obrigas pendentes de pago	267.992,27
+ do orzamento corrente	120.009,70
+ de orzamentos pechados	499,43
+ de operacións non orzamentarias	147.483,14
-pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00
I. Remanente de tesourería total (1+2-3)	692.271,82
II. Saldos de dubioso cobro	63.857,44
III. Exceso de financiamento afectado.	0,00
Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)	628.414,38

SEGUNDO.- Da liquidación do Orzamento 2015 darase conta o Pleno municipal na primeira sesión que celebre.

TERCEIRO.- Da Liquidación do Orzamento remítase copia á Administración do Estado (Centro o dependencia do Ministerio de Facenda) e a Comunidade Autónoma. ”


A Sra. Alcaldesa fai un breve resume da liquidación do orzamento, indicando que se cumpre ca estabilidade orzamentaria e a regra do gasto, que non existe débeda e que presenta superavit e Remanente de Tesourería positivo.

Dna. Ana Isabel Doval Fraiz , voceira do PSdeG-PSOE, quere facer preguntas sobre a liquidación do orzamento, respostando a Sra. Alcaldesa que as realice na quenda de rogos e preguntas.

A Corporación toma coñecemento do decreto aprobando a liquidación.

6.-DACIÓN EN CONTA DO DECRETO DE NOMEAMENTO DE TESOUREIRO.

Dáse conta ó pleno do decreto de data 1 de febreiro de 2016, sobre nomeamento de tesoureiro, que



literalmente di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

O artigo 3 do Real Decreto-Lei 10/2015, de 11 de setembro, modifica o apartado 2 do artigo 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e atribúe aos funcionarios pertencentes á Subescala de Secretaría- Intervención as funcións de secretaria, comprensivas da fe pública e o asesoramento legal preceptivo, de control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e de contabilidade, tesourería e recadación, non podendo ser desempeñadas estas funcións por concelleiros.

En tanto non exista un desenvolvemento regulamentario que regule o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, establécense polo MINHAP varias posibilidades para o desempeño de funcións de tesourería en municipios de menos de 5.000 habitantes.

Así mesmo, establécense con carácter transitorio, ata o 31 de decembro de 2016, o procedemento para seguir para cando non sexa posible acudir a algún dos sistemas anteriores e o posto de habilitado de carácter nacional non poida ser desempeñado por un funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional mediante os sistemas de provisión a eles reservados.

A Secretaría de Estado de Administracións Públicas, Dirección Xeneral da Función Pública do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ditou uns criterios de interpretación sobre a modificación do artigo 92 bis da Lei 7/1985 efectuada polo Real Decreto 10/2015, de 11 de setembro que é do seguinte teor literal:

O artigo 3 do Real Decreto-Lei 10/2015, de 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e adóptanse outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía, modifica o apartado 2 do artigo 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local nos seguintes termos:


A escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional subdivídese nas seguintes subescalas:

- a) Secretaría, á que corresponden as funcións contidas no apartado 1.a) anterior.*
- b) Intervención-Tesourería, á que corresponden as funcións contidas no apartado 1.b).*
- c) Secretaría-Intervención á que corresponden as funcións contidas nos apartados 1.a) e 1.b).*

Esta modificación implica que desde a entrada en vigor do Real Decreto-Lei (13 de setembro de 2015), os funcionarios pertencentes á Subescala de Secretaría-Intervención teñen atribuídas por igual as funcións de secretaria, comprensivas da fe pública e o asesoramento legal preceptivo, de control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e de contabilidade, tesourería e recadación, non podendo ser desempeñadas estas funcións por concelleiros.

En tanto non exista un desenvolvemento regulamentario que regule o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, considérase por este Centro Directivo que o desempeño de funcións de tesourería en municipios de menos de 5.000 habitantes poderá articularse mediante algunha das seguintes posibilidades:

- 1.- Mediante agrupación de tesourería, que fose establecida pola respectiva Comunidade Autónoma;*
- 2.- Mediante un posto de colaboración, reservado a funcionario con habilitación de carácter nacional;*



3.- Mediante a Deputación Provincial ou entidades equivalentes ou Comunidade Autónoma Uniprovincial que asuma estas funcións a través dos seus servizos de asistencia técnica;

4.- Mediante outro funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional pertencente a outro Municipio, a través da acumulación de funcións co seu posto habitual.

5.- De forma transitoria, co fin de garantir a actuación da Entidade Local respectiva, naqueles casos en que non sexa posible aplicar ningún dos criterios anteriormente sinalados, e en tanto se articule algún deles, a mesma persoa poderá desempeñar as funcións de secretaria, intervención e de tesourería.

Neste mesmo sentido, os secretarios interinos que actualmente desempeñen os postos de secretaria, clase terceira en Concellos e Agrupacións de Municipios constituídas para tal fin, poderán seguir exercendo, igualmente, as funcións de tesourería, como propias dos devanditos postos.

RÉXIME TRANSITORIO

Con todo, ata o 31 de decembro de 2016, debe terse en conta a previsión contida na Disposición Transitoria Sétima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, na súa redacción dada pola Disposición Final segunda da Lei 18/2015, de 9 de xullo, pola que se modifica a Lei 37/2007, de 16 de novembro sobre reutilización da información do sector público, de maneira que, cando non sexa posible acudir a algún dos sistemas anteriores e o posto de habilitado de carácter nacional non poida ser desempeñado por un funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional mediante os sistemas de provisión a eles reservados (concursos, nomeamento provisional, comisión de servizos, acumulación), poderase efectuar un nomeamento accidental dun funcionario de carreira da Deputación Provincial ou Entidade equivalente ou Comunidade Autónoma uniprovincial que asuma estas funcións (ben sexan funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional dos servizos de asistencia técnica, ou calquera outro funcionario da mesma).


E cando quede acreditado que isto non resulta posible, **por funcionarios de carreira que presten servizos na Corporación Local**, para o que se propón o seguinte procedemento:

A acreditación da imposibilidade de que a cobertura dun posto por funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional corresponde ao Presidente da Corporación, como xefe superior de persoal.

A estes efectos, deberase poñer en coñecemento do Pleno da Corporación Local, a imposibilidade de cobertura dun posto por funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

Seguidamente solicitarase a asistencia da Deputación Provincial ou entidade equivalente, mediante comunicación dirixida ao titular do órgano competente da asistencia e cooperación aos Municipios ou, no caso das Comunidades Autónomas Uniprovinciales, ao titular da Dirección Xeral correspondente, que debe coordinar todo o proceso, designando un funcionario de carreira da mesma, que poderá ser un funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, integrado nos servizos de asistencia técnica, ou na súa falta calquera outro funcionario da mesma.

Unicamente en caso de resposta desfavorable por parte da Deputación Provincial ou entidade equivalente á solicitude de asistencia por parte do Presidente da Corporación, estarase facultado para propoñer o nomeamento dun funcionario propio da entidade local.



Igualmente poderase acudir a un nomeamento accidental, que de acordo co artigo 92 bis.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, compete efectuar á Comunidade Autónoma correspondente.

No caso de que non sexa posible o anterior, poderase acudir a un nomeamento de funcionario interino, de acordo co citado artigo 92.bis.7 da Lei 7/1985, artigo 10 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e artigo 34 do Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

Tendo en conta a carga económica que suporía para esta Corporación a cobertura do posto por funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional da subescala de secretaría intervención, Grupo A1/A2, nivel de complemento de destino mínimo 24, nin inferior contía para o complemento específico de 8.000 euros (DA sétima do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal,

RESOLVO:

Primeiro.- Solicitar a asistencia da Deputación Provincial de Pontevedra, Servizo de asistencia e cooperación cos concellos para que designe un funcionario de carreira da mesma, que poderá ser un funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, integrado nos servizos de asistencia técnica, ou na súa falta calquera outro funcionario da mesma para que preste as función propias da tesourería do Concello de Forcarei.

Segundo.- Para o caso de resposta desfavorable do Servizo de asistencia e cooperación cos concellos da Deputación Provincial de Pontevedra, propoñer a D. Fernando Canabal, funcionario administrativo de carreira do Concello de Forcarei, e que leva ata o momento as funcións de tesourería, as función propias da tesourería e recadación, e mentres non exista un desenvolvemento regulamentario que regule o exercicio das función de tesourería e recadación dos funcionarios de Administración Local de carácter nacional.

Terceiro.- Dar conta ó pleno na primeira sesión que se celebre.”

Dna. Ana Isabel Doval Fraíz , voceira do PSdeG-PSOE, pregunta polo procedemento, e a Sra. Alcadesa concede a palabra á secretaria do Concello, que expón o procedemento segundo a lexislación actual.

A Corporación toma coñecemento do decreto.

7.-DACIÓN EN CONTA DO ACORDO DA XGL DE DATA 10/03/2016 SOBRE SOLICITUDE DE PLAN CONCERTADO 2016.

Dase conta do acordo da XGL de data 10 de marzo de 2016, sobre solicitude de financiamento para Plan concertado 2016.

“5.- SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL” PLAN CONCERTADO 2016.

Pola Presidencia dase conta á Xunta de Goberno Local do Decreto 99/2012, do 6 de marzo,



polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63, do 30 de marzo de 2012), propoñendo que se solicite o financiamento elaborado pola Traballadora Social de Atención Primaria deste Concello, que se fai constar de seguido:

O importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste anexo V do antedito Decreto, é de 138.501,20 €, co seguinte detalle:

- Persoal:	34.548,50 €
- Mantemento:	1.200,00 €
- Axuda no fogar:	
o Modalidade de prestación básica do Plan Concertado:	10.000,00 €
o Modalidade para persoas valoradas como dependentes:	78.000,70 €
- Xestión de programas:	14.752,00 €
- Investimento:	0,00 €

A competencia para a resolución do presente expediente está atribuída á Alcaldía en virtude do establecido na lexislación vixente, facéndose delegación da competencia na Xunta de Goberno Local, por decreto da Alcaldía de data 02/12/2015.

Sometido o asunto a votación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes no acto, acorda:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.


Segundo.- Aprobar o o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral do anexo V do Decreto, que ascende a 138.501,20 €, co seguinte detalle:

- Persoal:	34.548,50 €
- Mantemento:	1.200,00 €
- Axuda no fogar:	
o Modalidade de prestación básica do Plan Concertado:	10.000,00 €
o Modalidade para persoas valoradas como dependentes:	78.000,70 €
- Xestión de programas:	14.752,00 €
- Investimento:	0,00 €

Terceiro.- Declarar expresamente que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade, nas mesmas condicións que no ano anterior.

Cuarto.- Adoptar o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2016 na contía de 155.027,82 €, que supón unha porcentaxe do 52,82 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

Quinto.- Dar conta ó Pleno da Corporación, do presente acordo."



8.- ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS.

Pola Sra. Alcaldesa expónse que co cambio de lexislación nesta materia hai que adherirse a este novo convenio para acceder ás subvencións.

Dna. Ana Isabel Doval Fraiz , voceira do PSdeG-PSOE pregunta si esto afecta ó convenio que o Concello ten ca empresa de recollida de residuos, indicando a Sra. Alcaldesa que non.

Sometido o asunto a votación resulta aprobado por unanimidade de membros presentes, que supón maioría absoluta do número legal de membros da Corporación o seguinte acordo:

1º. Adherirse CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS.

2º. Declarar expresamente que se aceptan todas as condicións do presente convenio.

3º. Facultar á Sra. Alcaldesa, Dna. Belén Cachafeiro Anta para representar ó Concello en todo o relacionado co convenio.

9.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE FORCAREI Á ASOCIACIÓN "CAMIÑO MIÑOTO RIBEIRO".

A Sra. Alcaldesa expón o contido do convenio, os concellos que se va a adherir para promover o Camiño Xacobeo do Miñoto Ribeiro, e potenciar así a ruta dos arrieiros da zona.

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, pregunta si a Asociación que se creou no ano 2012, que fixo ata agora, e porque non hai adhesión ata agora. A Sra. Alcaldesa di que no 2012 xurdiu a idea, pero é a partir de xaneiro de 2016 cando se van a adherir ó convenio.

Sometido o asunto a votación resulta aprobado por unanimidade de membros presentes, que supón maioría absoluta do número legal de membros da Corporación o seguinte acordo:

1º. Adherirse á Asociación "Camiño Miñoto Ribeiro".

2º. Aprobar os estatutos da citada Asociación, que constan de trinta e oito artigos.


3º. Facultar á Sra. Alcaldesa, Dna. Belén Cachafeiro Anta para representar ó Concello en todos os trámites necesarios.

10—DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XGL DE DATA 07/04/2016, SOBRE ADHESIÓN DO CONCELLO Á "ADR TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE-GDR16".

Dase conta do acordo da XGL de data 7 de abril de 2016 sobre a adhesión do Concello á "ADR Terras de Pontevedra Norte-GDR16", que literalmente di:

"5.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE FORCAREI Á "ADR TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE – GDR 16", E NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE.

Pola Alcaldía- Presidencia, dase conta á Xunta de Goberno Local do escrito de data 29/03/2016, remitido polo Sr. Presidente da "ADR Terras do Deza", o que actúa as ~~mesmo~~ como



Presidente da "Asociación de Desenvolvemento rural Terras de Pontevedra Norte", con entrada no rexistro xeral deste Concello nº 981, de data 30/03/2016, no que se manifesta o interese dos membros da dita Asociación en que o Concello de Forcarei se integre na mesma, e participar na súa Asambleia.

Visto que resulta de gran interese para o Concello de Forcarei, integrarse na nova "ADR TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE – GDR 16", proposta por AGADER.

A competencia para a resolución do presente expediente está atribuída á Alcaldía en base ó previsto na lexislación vixente, facéndose delegación da dita competencia na Xunta de Goberno Local por decreto da Alcaldía de data 02/12/2015.

Sometido o tema a votación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes no acto, acorda:

PRIMEIRO: Entrar a formar parte da "ADR TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE – GDR 16", e participar na súa asamblea.

SEGUNDO: Nomear como representante do Concello de Forcarei na "ADR TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE – GDR 16", e na súa asamblea a Sra. Alcaldesa do Concello de Forcarei, cos seguintes datos:

Nome: **BELÉN CACHAFEIRO ANTA**
D.N.I.: **33.293.527 S**
Teléfono de contacto: **629199430**
Enderezo electrónico: **belencachafeiro@forcarei.net**

Así mesmo, nomear como representante suplente, ao Sr. Tenente de Alcalde do Concello de Forcarei, D. Vicente Búa Martínez, cos seguintes datos:

Nome: **VICENTE BÚA MARTÍNEZ**
D.N.I.: **77.407.427 F**
Teléfono de contacto: **652622391**
Enderezo electrónico: **vicentepresqueiras@gmail.com**

TERCEIRO: Inscribirse na tipoloxía ou grupo, segundo se extrae do obxecto social dos estatutos ou dos socios que forman parte, seguintes:

- **SECTOR PÚBLICO."**

A Sra. Alcaldesa indica que se adhiren os concellos da zona, todo o Deza, A Estrada e Forcarei, e que pretenden beneficiarse de proxectos para emprendedores.

Dna. Ana Isabel Doval Fraiz , voceira do PSdeG-PSOE pregunta si o Concello fixo algunha estimación en canto á poboación e territorio, por si vai supoñer un incremento ou diminución en canto ó Leader anterior, e si entran máis ou menos concellos que no anterior. A Sra. Alcaldesa di que no o sabe a data de hoxe.

A Corporación dáse por enterada.

11.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 2/16 (MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO), PARA INVESTIMENTOS FINANCIERAMENTE SOSTIBLES.

Dna. Belén Cachafeiro, Alcaldesa, explica que cos datos da liquidación do orzamento, i en concreto co superávit de 105.000,00 €, pódese facer esta modificación de créditos para investimentos financeiramente



sostibles.

Dña. Ana Isabel Doval Fraíz , voceira do PSdeG-PSOE, quere manifestar o sentido do voto do seu grupo. Votarán a favor porque sempre votan a favor das modificacións de crédito, e tamén porque neste caso van obras propostas polo seu grupo. Quere manifestar que lles gustaría que tamén se fixesen outros investimentos, que o grupo de goberno non fixo en anos anteriores, como o Parque Venezuela, vivendas sociais...

A Sra. Alcaldesa di que o criterio do grupo de goberno é actuar nos sitios prioritarios, o pida ou non o pida outro grupo. En canto ás outras obras non se fixeron polos motivos xa expostos no seu día, que viñan dun erro nunha modificación de crédito.

Dña. Ana Isabel Doval Fraíz , voceira do PSdeG-PSOE resposta que aínda así se alegra, porque son obras necesarias, e que por iso lle traslada a intención de voto do seu grupo. Pregunta si se van facer todas as obras pendentes este ano, ó que a Sra. Alcaldesa resposta que si.

Sometido o asunto a votación resulta aprobado por unanimidade de membros presentes, que supón maioría absoluta do número legal de membros da corporación, o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 02/2016, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, para a realización de investimentos financeiramente sostibles, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de Gastos

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
450 61902	Mellora de vías públicas en Soutelo de Montes, Portela de Lamas, Outeiro e Casas Novas	104.999,99

IMPORTE TOTAL 104.999,99


2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación financíase con cargo ao superávit resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Alta en concepto de Ingresos

CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	104.999,99
TOTAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO		104.999,99

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio introducido no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*, por quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións debendo ser publicada a modificación no



BOP co resumo do orzamento por capítulos; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

12.- ACORDO DOS GRUPOS MUNICIPAIS SOBRE A FUSIÓN DOS CONCELLOS DE CERDEDO E COTOBADE E A SÚA REPERCUSIÓN NO CONCELLO DE FORCAREI.

D. Vicente Búa Martínez, voceiro do PP, indica que lamentablemente non se chegou a un acordo neste tema, e propón que se pense uns días máis, por si se chega a un acordo, e que se convoque un pleno extraordinario.

Dna. Ana Isabel Doval Fraiz, voceira do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo aporta o texto que trouxo a debate, e sinala que é moi importante constar cos textos escritos de todos os grupos. Parécelle ben outra reunión para chegar a un acordo, pero sempre que se faga para seguir avanzando.

D. Vicente Búa quere que primen os interese dos veciños, e que non prime a política.

Dna. Ana Doval di que esto non é para facer política, trátase dun asunto moi serio para todos os veciños.

Dna. María Abilleira Pomar, concelleira de FF, sinala que se deron pasos moi importantes, e que agora temos tempo para valorar de maneira sensata e tranquila todo o aportado. FF non vai entrar en temas políticos. Considera importante marcar un prazo para non retrasar máis o tema e fixar os mecanismos para sumar as aportacións de todos.

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, indica que ten plena dispoñibilidade para negociar con toda a boa vontade, con claridade e transparencia, e remitíndonos ó funcionamento normal de todos os concellos no seo dunha comisión informtiva. Remítese á moción presentda polo BNG, e considera que se está no camiño da negociación.

Acordan quedar o vindeiro mércores pola tarde para debater o tema, confirmando a hora o luns.

Sometido o asunto a votación por unanimidade de membros presentes que supón maioría absoluta do número legal de membros da corporación, acordan retirar o punto da orde do día co obxectivo de chegar a consensuar un texto unánime que se aprobe nun pleno extraordinario.

13.- MOCIÓN.

Non se presenta ningunha.

14.- ROGOS E PREGUNTAS

A Voceira do PSOE, D^a Ana Doval, fai os seguintes:

- En canto á liquidación do orzamento do exercicio 2015 quere saber porque varias partidas de persoal pechan en negativo. A Sra. Alcaldesa resposta que por non estar previstas algunhas contratacións.

- ¿Por qué un ano máis unha partida como a de atencións benéficas se liquida con remanente, non podería utilizarse para aumentar por exemplo as becas de estudos?. A Sra. Alcaldesa di que se intenta dirixir todo ata esa finalidade, pero que se trata dunha partida que sempre vai sobrada por si hai imprevistos, xa que é a partida onde van as axudas de emerxencia social para alimentos, alugueiros de vivenda...e considera que non hai que tirar dela so co obxectivo de gastala, senón só cando sexa



realmente necesario. Dna. Ana Doval di que hai moita xente en Forcarei e que se poderían reforzar as partidas de axudas para libros e material, que é mellor axudar á xente que arranxar camiños, e indica que teñen unha visión distinta da realidade social.

- ¿Cando van facer a limpeza de presas da Devesa de Arriba? D. Vicente Búa, voceiro do PP, di que a limpeza de cunetas está rematada. Dna Ana Doval di que a limpeza sí, pero que falta arranxar unha porque lle entra auga ós veciños. D. Vicente Búa di que se mantivo unha reunión cos veciños e que non lle trasladaron a urxencia, polo que se arranxará tan pronto se poida.

- ¿En que situación se atopa un pago pendente de materiais a Soutelana, S.L., que se fixo para unha traída de augas?. A Sra. Alcaldesa indica que non hai encargo do Concello dese material, e que non poden pagar algo que non se se contratou por este grupo de goberno do Concello, senón por un veciño. D. José Manuel Álvarez Sanmartín, concelleiro do PSdeG-PSOE pregunta si houbo unha reunión cos veciños, e Dna. Belén Cachafeiro, Alcaldesa, resposta que sí, pero que ninguén do grupo de goberno encargou nada, e por iso non se paga. D. Vicente Búa di que ese gasto non se pode pagar, e que eso xa o saben dende o 2012. Os distintos grupos entran en debate sobre o que cada un falou cos veciños e sobre a factura e a data da mesma.

- ROGA que se faga unha revisión da web municipal porque ten varios erros: gazapos en galego, datos estadísticos desfasados... Suxire que na parte turística se potencien os atractivos turísticos e de ocio: visitas ó patrimonio natural e cultural e que se poñan en valor.

A Sra. Alcaldesa amosa o seu acordo.


-ROGA que se licite dunha vez o servizo de mantemento do alumeadado público. A Sra. Alcaldesa di que ten feito o encargo á Secretaría para que se elaboren os pregos. Dna. María Abilleira pregunta si os subministro de luz e gasoil seguen sen contratar, ó que a Sra. Alcaldesa resposta que tamén se está a traballar nesas contratacións.

-ROGA que se poña un punto de luz no Auditorio de Soutelo de Montes. A Sra. Alcaldesa indica que tan pronto se poida.

-¿Por qué hai un incremento no gasto informático nos últimos catro anos, cando se abaratóu o custe de software? A Sra. Alcaldesa contesta que non sabe exactamente, que será polos custes dos programas contables. Dna. Ana Doval di que eso podería ser en este exercicio, pero que nos anteriores non.

-Gustaríalle saber que criterios se seguiron para rehabilitar a casa do Concello. ¿Por que non se fixo un único contrato e se van facer tres actuacións na Casa Consistorial?, indica que lle parece que o gasto é maior, xa que se fan tres redaccións de proxecto e direccións de obra, e considera que non é transparente nin eficaz. Pregunta porque non se fai uso do servizo de urbanismo da Deputación provincial, que é gratis para os concellos. A Sra. Alcaldesa resposta que se fixo porque o Concello amosa unhas grandes deficiencias, e que non se sabía si se poderían acometer todas xuntas no mesmo exercicio, por eso hai varios proxectos, e a partir de aquí cada ano se fará algunha intervención. Dna. Ana Doval indica que o arquitecto redactor do proxecto de casa Consistorial está vivo, e que considera que se debería falar con él para pedirle autorización, e pregunta si se pediu a autorización ou se lle invitou a vir ó arquitecto. Dna. Belén Cachafeiro, Alcaldesa, indica que non, e que o procedemento será transparente porque vanse licitar en procedemento aberto.

Dna. María Abilleira Pomar, concelleira de FF pregunta si aparte desas actuacións na Casa Consistorial vanse realizar algunhas máis. A Sra. Alcaldesa resposta que si, que se vai facer o aparcamento, as vivendas sociais...Dna. María Abilleira pregunta si hai o visto bo do arquitecto redactor de proxecto orixinal, porque é un proxecto premiado e cree que é necesaria esa autorización. A Sra. Alcaldesa di que so son obras de conservación e mantemento.




E non tendo outros asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta da Corporación, levanta a sesión, sendo as trece horas e quince minutos, co que se da por rematado o acto, estendéndose a presente acta que asina a Sra. Alcaldesa-Presidente, comigo Secretaria, de todo o canto eu, dou fe.

Vtº e Pr.

A Alcaldesa,

Asdo: Belén Cachafeiro Anta.



A Secretaria,

Asdo: Mª Elena Suárez Fernández.

